



Homenaxe a Olga Gallego Domínguez, por Pedro López Gómez

Sumario

SUMARIO

Homenaxe:

Olga Gallego pax. 2

Adeus a Francisco

Fernández del Riego pax. 4

Opinión:

Koha nas

Bibliotecas galegas pax. 5

Noticias e

Formación pax. 13

Obxectivos pax. 13

Contacta pax. 13

Este foi un período doloroso para o mundo da Cultura e da nosa profesión xa que, nos últimos meses, perdemos as importantes figuras de Olga Gallego e Francisco Fernández del Riego. Desde este boletín queremos salientar a importancia destas persoas cun artigo **Sobre perfís e modelos profesionais: tributo a Olga Gallego Domínguez**, realizado por Pedro López Gómez, e o noso sentido **Adeus a Fernández del Riego**.

Continúa unha entrevista na que varias compañeiras e compañeiros de bibliotecas municipais opinan sobre o proceso de instalación do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria Koha. Contamos co parecer de profesionais das bibliotecas de **Oleiros, Ortigueira e Portonovo**, pero non esquecemos que este sistema está instalado tamén no resto das bibliotecas municipais de Sanxenxo e na de Laxe, e encóntrase en proceso de

parametrización para a súa implantación nas municipais da Coruña, de Ferrol e nas bibliotecas nodais. Tamén contamos coa opinión de **Nacho Alonso**, de Fervenzas xestión cultural, encargado do soporte bibliotecario de Koha.

Por último na sección de **Novas e Formación** informamos dos cambios e propostas de traballo realizados polo novo **Consello Federal de Anabad** escollido no pasado mes de novembro e adiantamos o que será a nova **proposta formativa para o ano 2011** que será concretada na próxima Asemblea xeral da asociación do mes de Xaneiro.

Podedes poñervos en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico:

anabadgalicia@mundo-r.com

ou no correo postal:

Anabad-Galicia

Apartado de correos 193

15080 A Coruña

HOMENAXE



Olga Gallego
in memoriam

Homenaxe a
Olga Gallego

SOBRE PERFÍS E MODELOS PROFESIONAIS: TRIBUTU A OLGA GALLEGO DOMÍNGUEZ, por Pedro Gómez López

Agora que seguimos discutindo – como sempre, supoño – sobre cal debe ser o perfil do arquivista, do bibliotecario e do documentalista, ocórreseme que temos exemplos a imitar, e un deles sería o que nos ofrece a recentemente falecida arquivista do Corpo Facultativo D^a Olga Gallego Domínguez.

Olga Gallego é de sobra coñecida polos lectores deste Boletín: algúns teríades a sorte de ser alumnos dela; outros a fortuna de coincidir con ela como colegas e compañeiros; outros, como eu, ademais de contar coa súa amizade, tivemos a honra de colaborar nalgúns dos seus proxectos de investigación, culminados en moitos casos en publicacións impresas; e todos tivemos a posibilidade de enriquecernos coas súas numerosas aportacións nos diversos campos en que despregou a súa ctividade intelectual, e que glosamos na Homenaxe que Anabad lle dedicou no ano 2006, onde presenteí unha bio-bibliografía provisional, que agora, con tristeza, podemos dar por pechada.

Libros e bibliotecas; clero secular e regular; ciencias médicas e farmacolóxicas; sociedade, economía e administración; arte e urbanismo; arqueoloxía e museoloxía; biografía, historia e historia local; documentos, arquivos, sistemas arxivísticos e patrimonio documental, organización e descripción, acceso e difusión de arquivos, e formación de arquivistas, foron os temas tratados na súa extensísima produción bibliográfica.

Neste amplo abano, podemos encontrar aportacións moi significativas, en relación ao perfil do arquivista, no seu lugar e momento, que, compartindo o seu criterio en “La formación profesional de los archiveros” (1981), vinculamos a unha formación inicial en historia, historia institucional e dereito administrativo, ciencias auxiliares da historia como a paleografía, diplomática, etc., e por suposto, a

especialización en arxivística e as súas irmás das ciencias da documentación e a información, ademais de outros coñecementos necesarios sobre técnicas de conservación, reprodución e informática. Outros, máis novidosos, como a administración electrónica e o documento electrónico e a dixitalización, tan na moda nestes momentos, non os encontramos xa entre as súas preocupacións, pois nos seus últimos anos, sen abandonar a arxivística tradicional, centrouse na investigación histórica. Citemos algunhas das súas aportacións máis significativas, nalgúns das cais fun o seu colaborador.



Na súa obra histórica, ocupará un lugar principal a obra A Cidade de ourense. Unha visión a través dos séculos (2001), magnífico tributo á súa cidade natal, como os textos de Ourense editado por Juan Agero (1998). A súa aportación ao dereito e ás ciencias sociais témola no Catálogo de textos y disposiciones legales impresas: Archivo Histórico Provincial de Ourense (1980); en La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII (1988), un modelo de reconstrución histórica; e n’As barcas e os barcos de pasaxe da provincia de Ourense no antigo réxime (1999), onde historia e etnografía van da man.

Na diplomática moderna realizou unha magna aportación, ineludible para traballos afíns: El Catastro del Marqués de la Ensenada en la provincia de Orense (1985), completada con El Catastro de Ensenada de la provincia de Orense: catálogo (1989).

HOMENAXE



Pedro López Gomez

Facultativo de
Arquivos en
excedencia
Catedrático de
Biblioteconomía e
Documentación da
UDC

Homenaxe a
Olga Gallego

No que respecta á Arxivística, a súa *Introducción na Arxivística*, en col. (1985), escrita en galego, non tería a repercusión que a posterior versión en euskera e castellano (1989), pero o manuscrito inicial de ambas as dúas circulou de man en man dos opositores ao Corpo Facultativo do momento pola súa utilidade e interese. Fundamental para a arxivística española foi *Clasificación de fondos de los Archivos Históricos Provinciales*, en col. (1980), cuxos principios serían asumidos na Organización de Fondos de los Archivos Históricos Provinciales (1994), que coordinei, e que serven de base ás clasificacións destes centros en toda España, como tamén lles serve de guía o seu *Manual de archivos familiares* (1993). E como instrumento de descrición, hai que salientar a súa *Guía del Archivo Histórico Provincial de Ourense* (1977) que supuxo un avance sobre as publicadas ata o momento, aínda que non se axuste á normativa internacional que xurdiría posteriormente; e *El Archivo del Monasterio de Celanova* (1991), como mostra do seu coñecemento dos fondos monásticos da provincia ourensana. A última das súas grandes aportacións, *El documento de archivo. Un estudio*, en col. (2007) teño a seguridade de que será de grande utilidade, non só a arxiveros, senón tamén a diplomatas e administrativistas.

A preocupación, antes de tempo, polas novas tecnoloxías encontrámola na súa aportación *“El Catastro del Marqués de la Ensenada en Orense y Pontevedra y su mecanización”*, en col. (1976). E en relación ás outras ciencias afíns, o seu *“Archivos y documentación”*, en col., presentada nas 3^o Jornadas de Documentación Automatizada (1990) presenta un interese singular pola súa contribución á teoría das agrupacións documentais.

Mais o perfil que as súas obras deseñan non nos aproxima suficientemente ao modelo que representa: modelo de laboriosidade no seu traballo cotidiano, de xenerosidade no recoñecemento do

labor dos seus colaboradores no arquivo, que sempre citou; e na honra aos seus predecesores, como D. Xesús Ferro Couselo, en *Lembranzas, Actividades. Inquedanzas* (1996); de civismo na súa colaboración desinteresada con institucións culturais, como a Fundación Penzol (véxase a *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol*, en col., 1980); a Fundación Otero Pedrayo, cuxo catálogo moito lle debe a ela e especialmente a Mari Martul; o Museo, a Biblioteca Pública, e o Arquivo Diocesano de Ourense; e con asociacións e grupos de traballo, como o Grupo Marcelo Macías, do que foi Presidenta e onde colaborou con Francisco Fariña e Julio Ramos, entre outros; e Anabad e Anabad-Galicia, cuxa presidencia ostentou, e en cuxos Boletíns quedaron como testemuñas as súas numerosas aportacións.

E é por este modelo de arquivista, e non só polo seu perfil de arquivista ideal, polo que creo, como outros que así o teñen manifestado, que o arquivo que dirixiu con tanto afán durante vinte anos, debería levar o seu nome, como recoñecemento tanto ao seu labor profesional como á súa forma de levalo a cabo: Arquivo Histórico Provincial “Olga Gallego”.



HOMENAXE



Francisco Fernández del Riego

Adeus a
Fernández del
Riego

ADEUS A FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

O pasado 26 de novembro falecía Don Francisco Fernández del Riego, natural de Lourenzá (Lugo), onde nacera o 7 de xaneiro de 1913.

Licenciado en dereito e en Filosofía e Letras, foi un grande activista cultural desde a súa xuventude, exerceu a docencia universitaria, e foi codirector da revista Grial.

En 1936 foi destituído e inhabilitado para a docencia, e, finalizada a guerra, participou, xunto a outros intelectuais galegos, na reconstrución do galeguismo, e na fundación da editorial Galaxia. Foi director da Biblioteca Penzol desde a súa fundación, e desde ela exerceu o seu maxisterio cultural, intelectual e de divulgación. Grazas á súa iniciativa instituíuse o día das letras galegas.

Na súa obra, libros, estudos, artigos de prensa, conferencias e outras

actividades culturais, traballou sempre ao servizo de Galicia.

Foi membro da Real Academia Galega, que chegou a presidir, e participou en outras moitas actividades e asociacións galegas, entre elas, ANABAD-Galicia, da que foi presidente.

Como unha das principais figuras de Galicia, foi recoñecido con numerosos galardóns, como o Premio Trasalba, o Pedrón de Ouro, a Medalla de Ouro da Cidade de Vigo, o Premio de creación Cultural da Xunta de Galicia, o Premio Celanova, o premio A casa dos Poetas, unha Medalla Castelao, o Premio das Artes e das Letras de Galicia e outros. Foi unha importante personalidade do mundo da cultura en Galicia á que estremos sempre agradecidos polo seu incansable labor.



ARTIGO



<http://koha.org>

KOHA
nas bibliotecas
galegas

KOHA NAS BIBLIOTECAS GALEGAS

As Bibliotecas que forman parte da Rede de Bibliotecas de Galicia contan con varios sistemas de xestión bibliotecaria diferentes. Principalmente, as municipais e escolares, utilizan o programa Proxecto Meiga, e as Nodais contan con Absys.

Sen embargo, ademais destes dous SIXB, existía un número de Bibliotecas municipais que utilizaban para a súa xestión o Millennium. Algunhas co programa completo e outras só co módulo de catalogación Guicat, polo que estaban obrigadas a utilizar o programa Proxecto Meiga para préstamo ou realizalo de maneira manual.

Coa decisión do Servizo de Bibliotecas da Xunta de non continuar co pago polo mantemento do SIXB Millennium plantexábase un problema para as bibliotecas que contaban con este software. O servizo de bibliotecas xa tiña decidido comezar a utilizar un SIXB baseado en software libre e experimentado noutras bibliotecas que ademais contaba cunha comunidade de apoio e desenvolvemento bastante numerosa.

A Consellaría de Cultura sacou a concurso o desenvolvemento e adaptación deste software que se comezou a implantar nas bibliotecas que quedaron "orfas" de programa. Ao mesmo tempo que se implantaba nesta bibliotecas foise mellorando o software e adaptándoo ás necesidades reais das bibliotecas da rede.

Na actualidade este software está implantado nas bibliotecas municipais de **Laxe, Oleiros, Ortigueira e Sanxenxo**, ademais encóntrase nunha fase de estudo, bastante avanzado, para a súa implantación na rede de bibliotecas municipais da Coruña e na municipal de Ferrol. Por outra parte o próximo paso será tamén a incorporación das bibliotecas nodais a este SIXB.

Quixemos preguntar ás bibliotecas que xa utilizan Koha as súas impresións sobre o mesmo. Enviámoslles un cuestionario

preguntando, entre outras cuestións, como foi o proceso de implantación. Contestaron a estas preguntas persoas das bibliotecas de Oleiros, Ortigueira e Sanxenxo.

Creemos importante ter en conta a súa experiencia para o caso de que no futuro outras bibliotecas se encontren co cambio de software. Hai varias bibliotecas municipais que xa teñen solicitado o cambio de programa pero aínda non obtiveron resposta da Consellaría de Cultura.



No V Congreso de Bibliotecas Públicas celebrado en Xixón entre os días 3 e 5 de Novembro presentouse a comunicación [Koha, metabuscadores y herramientas colaborativas de edición de contenidos](#) na que se difundiu unha enquisa realizada a bibliotecarios sobre a implantación de Koha, e o video: [Los usuarios y el opac social](#), mostrando a interacción dos usuarios co Opac enriquecido a partir do software de xestión bibliotecaria Koha ao que se lle engadiron novas funcionalidades colaborativas e da web 2.0

Outas institucións españolas están estudando o uso deste SIGB para a súa rede como se recolle no [Informe de evaluación del SIGB Koha para las bibliotecas de la Administración General del Estado](#), publicado en setembro deste ano.

ARTIGO



Nacho Alonso

FERVENZAS, Xestión
Cultural
SOPORTE
BIBLIOTECARIO DE
KOHA

Abse da 1, 2ªA
15895 O Milladoiro -
A mes
nalonso@fervenzasxc.
com

SOPORTE
BIBLIOTECARIO DE
KOHA

Que significou, nun primeiro momento, a implantación de Koha?

Tras varios anos traballando co software propietario Millennium de Innovative a Consellaría de Cultura apostou claramente pola implantación de software libre para a xestión bibliotecaria das súas bibliotecas. Koha está funcionado en países de todo o mundo, desde os EUA até Australia, Franza, Arxentina etc., con éxito. A existencia dunha comunidade internacional de desenvolvedores e bibliotecarios traballando en prol de novas funcionalidades e versións outórganlle unha grande fiabilidade.

O paso dun SIXB a outro supón un cambio para os bibliotecarios, especialmente cando estás familiarizado co que levas traballando nos últimos anos. A verdade é que nun primeiro momento, até que os bibliotecarios tomaron un contacto real con Koha, todo foron preocupacións. Agora, case dous anos despois da súa implantación e a medida que van coñecendo novas funcionalidades e procesos que se van desenvolvendo, creo que a tónica xeral é de satisfacción.

Xurdiu algún problema na implantación?

O maior problema do paso de Millennium a Koha foi a parametrización que se realizou no seu momento en Millennium, cando non se pensou que nalgún momento se poderían exportar os rexistros a outro sistema. Millennium, a diferenza doutros SIXB propietarios, facilita per se a exportación de rexistros en ISO, o problema foi que a información contida en campos configurados como propios de Millennium non se exportaron, coa conseguinte perda de información.

Que vantaxes e inconvenientes lle ves a nivel da xestión bibliotecaria

Unha das principais **vantaxes** de Koha sería a nivel económico. No caso de Millennium había que pagar licenzas

polos diferentes módulos. En Koha calquera biblioteca pode dispor de todas as funcionalidades.

Por outra banda, Koha dispón dunha interface a nivel administración do bibliotecario sinxela e amigable, que permite moverse fácil e rapidamente polos diferentes módulos do sistema. Outra das vantaxes que creo de utilidade para os bibliotecarios é a **posibilidade de realizar simultaneamente diferentes procesos bibliotecarios.**

Pero, sen dúbida, a maior vantaxe é o sinalado anteriormente, que por mor da comunidade de informáticos e bibliotecarios que traballan conxuntamente polo mundo adiante en novas funcionalidades de Koha podemos ver como van aparecendo novos módulos, novas funcións, etc... cada pouco tempo. Podemos afirmar que en moitos aspectos Koha está por diante dos SIXB comerciais.

Inconvenientes: Hai unha cousa que me horripila que é o deseño da interface do bibliotecario... en verdade o deseño é moi feo.

Que vantaxes e inconvenientes lle ves para os usuarios

O Opac de Koha integra funcionalidades 2.0, abondo coñecidas pola comunidade máis nova. Incorpora novo tipos de buscas, como por exemplo: a xerárquica, a nube de etiquetas (tags), polas etiquetas dos usuarios, etc. A interacción do usuario coa súa biblioteca aumenta e ten a posibilidade, unha vez que se identifica no Opac, de facer reservas, listas de libros, comentar, realizar desideratas, renovacións, etc...

Inconvenientes: A xente de maior idade creo que non se identifica moito con este modelo de Opac social.

ARTIGO



Mercedes Vazquez
Fernández

BIBLIOTECA DE
PORTONOVO
(Rede BM de
Sanxenxo)

Rúa Independencia, 5 -
36970
Portonovo-Sanxenxo
Tel.: 986691149
[portonovo.sanxenxo@r
bgalicia.org](mailto:portonovo.sanxenxo@rbgalicia.org)

KOHA NA
BIBLIOTECA DE
PORTONOVO

Que significou, nun primeiro momento, a implantación de Koha?

Cando se implanta un novo sistema de traballo, sempre xurden inevitables dúbidas, e certa inseguridade. Co cambio, solucionaríanse os problemas que tiñamos con Millenium? Tan só dispoñía do módulo de catalogación, polo que só operaba coa terceira parte da funcionalidade do programa. Por exemplo: as fichas de préstamo aínda eran manuais.

O que se ofertou foi a posibilidade de volcar os rexistros que xa estaban en Millenium, e o feito de poder operar con todas as opción de Koha de xeito gratuito.

Como foi o proceso administrativo de adquisición do novo software?

A implantación foi moi sinxela: ofertaron o programa Koha desde o Servizo de Bibliotecas. Parecía unha boa ferramenta para arranxar certos problemas de funcionamento, como comentei antes, e mellorar os servizos.

Quen se encargou na biblioteca do cambio e cal foi o seu papel?

A persoa do CSBG encargada de mostrar o funcionamento de Koha aconsellou a lectura dos manuais do programa, dispoñibles na axuda do mesmo, que requerían un certo estudo previo. Posteriormente acudiu para a posta en funcionamento, xa in situ, en varias ocasións. Despois, cando se plantexaba algunha dúbida, ou un problema, contábase cun servizo telefónico de axuda.

Realmente o programa era bastante intuitivo, e desde o CSBG estiveron abertos ás suxestións de cambios, se as permitía o programa.

Xurdiu algún problema na implantación?

Non apareceron problemas. Se acaso os lóxicos que se plantexan cando non coñeces totalmente o programa. Até que te fas con él, aparecen dúbidas e tes algunha metedura de pata, pero non son críticas, e incluso son máis fáciles de solucionar que con Millenium.

Non se perderon datos no cambio, e ademais pudéronse incorporar os socios desde o programa Proxecto Meiga.

Que vantaxes e inconvenientes lle vedes a nivel da xestión bibliotecaria

Vantaxes: Sen dúbida, o feito de ter acceso a todas as posibilidades do

programa de xeito gratuito. Poder borrar os rexistros e erros propios sen ter que solicitar que se faga externamente. Estar conectadas as bibliotecas dentro dunha rede. Por exemplo, non duplicar os socios, pois ao pertencer a unha rede de bibliotecas municipais, cada unha tiña un listado de socios e había algúns que se repetían. Ou o feito de poder transferir libros dunha biblioteca da rede a outra, para posterior préstamo, entre outras.

Poder autorizar préstamos distintos para os socios, pois o programa permite amplialos segundo o criterio do bibliotecario. A flexibilidade do programa é unha baza a seu favor.

Poder controlar en cada momento os rexistros da rede que se solicitan, saber se están dispoñibles, e onde se atopan.

É fácil controlar o usuario: coñécese en todo momento se é "moroso", como se comporta cos préstamos, e podemos facer anotacións internas en referencia a cada usuario. Implantado este sistema a nivel de toda Galicia, sería unha ferramenta fabulosa.

Poder conectarse desde calquera acceso á internet, pois o programa está na rede. Funciona en equipos sinxelos e o programa é moi estable, sempre que o sexa a conexión a internet.

Inconvenientes: son menores. Se acaso, o feito de que poucas bibliotecas teñen bases de datos con este programa, o que limita a súa operatividade.

É tamén mellorable o procedemento técnico de transferencia de libros dunha biblioteca a outra, que é un pouco complexo.

Que vantaxes e inconvenientes lle vedes para os usuarios

Cando procuramos un rexistro podemos indicarlle ao usuario onde se encontra ese libro, proceder á reserva, saber a data de devolución, se hai lista de espera...

O usuario pode consultar o catálogo na rede, desde calquera lugar que estea conectado, facer reservas, prorrogar e incluso consultar os seus propios préstamos.

Para ter acceso a algún destes recursos, é necesario un rexistro previo, facilitándose o contrasinal dende a propia biblioteca.

Inconvenientes: até o momento, o programa é moi ben valorado polos usuarios, xa que é moi áxil desde o momento que a biblioteca xa ten o catálogo completo dispoñible. Os usuarios non teñen plantexado inconvenientes até hoxe.

ARTIGO



María José Vilasánchez
Fuciños e Mónica Pérez
Armada

BIBLIOTECA MUNICIPAL
"JUAN FERNANDEZ
LATORRE' DE
ORTIGUEIRA

Rúa Márquez Cortiñas,
s/n - 15330 Ortigueira
Tel.: 981422558
Fax.: 981400236
ortigueira@rbgalicia.org

KOHA NA
BIBLIOTECA DE
ORTIGUEIRA

Que significou, nun primeiro momento, a implantación de Koha?

Sinceramente no primeiro momento éramos reacias ao cambio e tiñamos certo medo. Utilizábase outro software de xestión bibliotecaria co que estábamos moi contentas polo que non víamos a necesidade do cambio.

Como foi o proceso administrativo de adquisición do novo software?

Foi unha situación imposta. O software co que traballabamos era Millenium e houbo un problema con el. A Consellería de Cultura, que era a que nos proporcionaba este software, levaba un tempo preparando e parametrizando Koha, polo que no momento en que Millenium deixou de funcionar a alternativa que nos ofreceron foi a de Koha. Aceleraron o proceso de parametrización para que estivesemos o menor tempo posible sen programa.

Quen se encargou na biblioteca do cambio e cal foi o seu papel?

Na nosa biblioteca traballamos dúas persoas e as dúas recibimos a formación para traballar con Koha e ocupámonos, despois da migración dos datos, de detectar os posibles erros ou perda de datos. Ademais, a partir do traballo diario co novo sistema, aportamos as nosas suxestións sobre pequenos cambios que pensábase que eran necesarios para mellorar o funcionamento dos diferentes módulos.

Xurdiu algún problema na implantación?

No primeiro momento perdéronse todos os fondos que non tiñan código de barras, pero foi algo que solucionaron rapidamente. Pareceunos maior problema como pasaron os datos dos socios pois, aínda que non se perdeu ningún socio, si se perderon algúns dos seus datos. Tamén houbo algún campo dos exemplares non exportable a Koha, como por exemplo, o código de idade.

Que vantaxes e inconvenientes lle vedes a nivel da xestión bibliotecaria

Vantaxes: a pesar de que como acabamos de ver a implantación do novo software foi algo imposto e dos pequenos problemas xurdidos no proceso, a día de hoxe estamos contentas con el. É un sistema integral completo, dispón de todas as funcionalidades necesarias para o funcionamento da biblioteca. Todas as interfaces do OPAC, circulación, xestión... están baseadas na web polo que podemos traballar desde calquera terminal con conexión á Internet. Ten moitas posibilidades de comunicación cos usuarios (envío de mensaxes a móvil...) aínda que algunhas están por desenvolver.

Inconvenientes: necesita a corrección de pequenos fallos e rematar de desenvolver algunhas das funcionalidades.

Que vantaxes e inconvenientes lle vedes para os usuarios

Vantaxes: o OPAC é moi interactivo e ten moitas funcionalidades: poden filtrar os resultados atopados, realizar suxestións de adquisicións, comentarios e opinións... e xestionar a súa actividade a través da autenticación no sistema (préstamos, reservas, modificacións de datos persoais...).

Inconvenientes: aínda que entren no OPAC específico de Ortigueira ou se autentifiquen como usuarios, as listaxes de novidades e máis populares amosan os resultados de todas as bibliotecas, así, o usuario non ten opción real para ver cales son as novidades e os máis prestados da nosa biblioteca.

ARTIGO



BIBLIOTECAS
MUNICIPAIS DE
OLEIROS



M^a Luz Corral Uzal,
Alberto Varela Hermida,
Fernando Meléndez
Ferro,
Rosa Barros Somoza,
Rita Boga Moscoso
eCristina Veiga García

BIBLIOTECA CENTRAL
RIALEDA

Rosalía de Castro 227 A
15172 Perillo-Oleiros
Tel.: 981639511
Fax: 981639996
biblioteca.rialeda@oleiros.org

KOHA NAS
BIBLIOTECAS DE
OLEIROS

Que significou, nun primeiro momento, a implantación de Koha?

M^a Luz Corral.- En Oleiros estábamos traballando co programa Millenium desde finais do ano 2002, en virtude dun convenio asinado entre o Concello e a Consellería de Cultura, e gustábanos o seu funcionamento. A principios do ano 2009 houbo unha avaría e despois de levar máis de 20 días sen solucionar, a Consellería de Cultura a única solución que nos ofreceu foi cambiar para Koha e decidimos aceptala.

Ao principio foi difícil, porque eramos das primeiras bibliotecas galegas en comezar a traballar con este programa, por estar en software libre, por comezar a partir dun problema (a avaría) en vez dunha planificación cuidadosamente elaborada e por estar (nese momento) moi pouco desenvolto.

Alberto Varela.- Adaptación a un entorno gráfico, estrutura, módulos totalmente diferentes.

Fernando Meléndez.- O cambio nun primeiro momento foi relativamente "traumático". Non foi un cambio en fases escalonadas. Millenium deixou de estar activo e, despois dun tempo sen programa ningún, implantouse Koha. Durante ese tempo o traballo complicouse bastante xa que seguimos facendo préstamos e devolucións de maneira manual, cos inconvenientes que iso supuxo. Realmente non estábamos "mentalizados" para un posible cambio de programa, foi algo que aconteceu de súpeto. Nese sentido non houbo posibilidade de temer o cambio porque non houbo tempo material nin outra opción á que acollerse. Logo da "sorpresa" fomos adecuándonos con bastante rapidez ao novo programa, cos problemas normais de adaptación que ocasiona un cambio destas características.

Lucía Fernández.- Nun primeiro momento o cambio de software despertou certa desconfianza ante o proceso de adaptación, as novidades que puidera introducir e, sobre todo, pola posible perda de información. Finalmente o cambio resultou positivo aínda que é necesario que teñamos unha continuidade no tempo que permita mellorar todos aqueles aspectos que presentan algún inconveniente tanto para a xestión bibliotecaria coma para os usuarios. Ademais, o perfeccionamento do programa debe ser permanente para poder dar resposta ás necesidades que se poidan presentar no futuro.

Uxío Pedreira.- A implantación de Koha foi un avance. As novidades sempre poden causar algo de prevención, en tanto que son descoñecidas, pero a curto prazo vense amortizadas pola axilidade e as prestacións das mesmas.

M^a José Expósito.- A implantación dun programa novo sempre necesita dun período máis ou menos longo de adaptación, e nun principio vese como unha perda de tempo, neste caso ademais era un programa que viña imposto cando estábamos tan a gusto con Millennium.

Carmen Couceiro.- A implantación do Koha non implicou especial dificultade.

Cristina Cousillas.- Nun primeiro momento si que houbo algo de medo pola miña parte, estaba tan afeita ao programa anterior que Koha se me facía un pouco complicado para algunhas tarefas, aínda que foi unicamente durante un espazo de tempo moi breve, xa que logo vin que resultaba moi sinxelo afacerse a el.

Ana Regueira.- no primeiro momento medo ao cambio, ás dúbidas que puideren xurdir e aos erros que puiderse cometer e as repercusións que estes tivesen. As primeiras semanas o traballo foi máis lento por non dominar o programa e evitar erros, ademais xurdían dúbidas que consultaba co manual ou cos compañeiros.

Blanca Fernández.- Levábamos un tempo co Millenium, ao cal xa estaba adaptada e, como víñamos doutros cambios anteriores, o Koha supuxo outro máis. Volver a empezar cun novo programa, sacarlle os fallos, atopar o "intrinsicus". Medo non, esforzo de adaptación.

Como foi o proceso administrativo de adquisición do novo software?

M^a Luz Corral.- Foi a proposta da Consellería da Cultura e despois de varias reunións, tanto en Santiago como en Oleiros, co Director Xeral de Promoción e Difusión Cultural e co Xefe do Servizo de Bibliotecas. Unha vez que tomamos a decisión de cambiar para Koha a implicación foi total tanto por parte das bibliotecas e dos seus traballadores e traballadoras, como por parte do Concello, principalmente desde o Departamento de Informática.

ARTIGO



Uxío Pedreira Dans,
M^a José Expósito
Carnota

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DA MULLER ROSALÍA DE CASTRO

Centro Cultural As
Torres. Emilia Pardo
Bazán, 17
15179 Santa Cruz-
Oleiros
Tel.: 981626338
biblioteca.santacruz@oleiros.org



Lucía S. Fernández
García

BIBLIOTECA M^a JOSÉ TRINCADO

A Lagoa
Curros Enríquez, 44
15177 Mera-Oleiros
Tel.: 981628507
biblioteca.mera@oleiros.org

Fernando Meléndez.- A Xunta de Galicia tivo a iniciativa no proceso. Unha vez que o Sistema de Bibliotecas de Oleiros trasladou á Consellería de Cultura os problemas de funcionamento de Millennium, a Xunta comunicou a súa decisión de implantar Koha. Utilizáronse os equipos informáticos existentes. As Bibliotecas de Oleiros puxeron á disposición da Consellería tanto os equipos como os recursos humanos requeridos. Nunha reunión "tripartita" entre representantes do Sistema de Bibliotecas de Oleiros, Departamento de Informática do Concello e a Consellería de Cultura, explicáronse as características xerais do programa, necesidades específicas para o Departamento de Informática do Concello, e fases no proceso de implantación.

Quen se encargou na biblioteca do cambio e cal foi o seu papel?

M^a Luz Corral.- Foi un proceso no que participou todo o persoal das bibliotecas. Isto foi fundamental para que todo saíse ben. Debido a que non houbo tempo de adaptación, nin de coexistencia dos dous programas. A implicación de todos os traballadores e traballadoras foi primordial. Cando comezamos a traballar con Millennium, no convenio que asinamos houbo que designar 2 traballadores que serían os encargados de coordinar o proceso de automatización. Estas persoas foron Alberto Varela e Fernando Meléndez, polo que ao cambiarnos para Koha, estes traballadores continuaron coordinando o proceso e cada encargada/o de cada unha das bibliotecas responsabilizouse do cambio na súa biblioteca concreta. Eu, como bibliotecaria, levaba as relacións co Director Xeral, co Xefe de Servizo, co Informático municipal e con estes dous traballadores no proceso de implantación do novo software e eles coordináronse co técnico designado pola Consellería de Cultura e co resto do persoal das bibliotecas municipais.

Alberto Varela.- Foi un traballo colectivo. Todas as persoas se implicaron dado que non houbo período transicional ou de coexistencia do anterior sistema e Koha, polo tanto tras a súa implementación todo o persoal tivo que aprender a manexalo á vez que se ía utilizando para as diferentes funcións bibliotecarias.

Fernando Meléndez.- Mariluz Corral encargouse da interlocución co Xefe de Servizo da Consellería de Cultura e da planificación do proceso de implantación. Despois dunha sesión con Nacho Alonso, técnico designado pola Consellería de Cultura, as 15

persoas que constituímos o Sistema de Bibliotecas de Oleiros, tomamos contacto co programa. Os responsables de cada biblioteca encargáronse da implantación en cadanseu centro.

Alberto Varela e Fernando Meléndez, trataron con Nacho Alonso, para coñecer o funcionamento a nivel "micro" dos diferentes módulos do programa e o seu desenvolvemento de acordo aos manuais de procedemento que se ían realizando.

Xurdiu algún problema na implantación?

Perdéronse algúns rexistros bibliográficos, algúns datos dos rexistros como o D.L., e datos de socios/as que estaban consignados no apartado de notas. Debido á natureza do fallo que provocou a implantación de Koha, desde a Xunta de Galicia comunicouse a perda dunha porcentaxe reducida de rexistros. O fallo non foi achacable ao novo software.

Houbo problema na identificación de campos entre un e outro programa. Nalgúns rexistros puidemos comprobar que non había unha translación exacta de datos entre campos Millennium e campos Koha. Problemas que se foron solventando e axustando posteriormente. Tivemos que facer cambios nos datos de exemplar dalgúns fondos porque se detectaron erros nos campos de localización e centro subordinado que provocaban que o sistema non nos permitira facer o préstamo.

Que vantaxes e inconvenientes lle vedes a nivel da xestión bibliotecaria

M^a Luz Corral.- Desde a súa implantación a Consellería de Cultura realizou un esforzo por desenvolvelo, polo que na actualidade (a pesar de que hai algúns aspectos que é preciso mellorar como sucede en todos os programas) os diferentes módulos funcionan bastante ben. É conveniente que se vaian desenvolvendo as distintas posibilidades que ofrece este software e principalmente mellorar o OPAC, sen esquecermos que inda non está instalado o módulo de adquisicións.

Alberto Varela.- Vantaxes: rapidez de tarefas, interactividade das mesmas (ligazóns), acceso aos diferentes módulos con rapidez. Compatibilidade con aplicacións 2.0: bases de datos, webs comerciais, soportes dixitais.

ARTIGO



Carmen Couceiro
Gadea

BIBLIOTECA MANUEL MARIA

Camilo Díaz Baliño, 1
15173 Oleiros
Tel.: 981610700
biblioteca.manuelmaria@oleiros.org



Cristina Cousillas
Centeno

BIBLIOTECA FEDERICO GARCIA LORCA

Rosalía de Castro, 56
15179 Montrove -
Oleiros
Tel.: 981639515
biblioteca.montrove@oleiros.org

Maior comunicación co usuario/a: avisos por email, posibilidade de sms. Inconvenientes: Faltan por desenvolver moitas potencialidades do programa: urxe unha actualización da versión actual. Mellor presentación gráfica. Mellora das notificacións das reservas no módulo de préstamo.

Fernando Meléndez.- Fóra dos inconvenientes iniciais e dos problemas de axuste de numerosas cuestións que seguen aínda hoxe, os diferentes módulos que constitúen Koha funcionan correctamente. Ten un funcionamento sinxelo, que non ofrece moitas dificultades, máis aló das especificidades de cada institución bibliotecaria: o sistema bibliotecario de Oleiros dispón de oito centros e iso orixina un constante tráfico de libros e/ou materiais audiovisuais entre eles, o que obriga a consignar con exactitude as transferencias de materiais entre centros. O seu interfaz permite ver na mesma pantalla os accesos a todos os módulos, de maneira que é doado "saltar" dun módulo a outro ou se se prefire pódense abrir cantos módulos se precisen en "novas ventás" do navegador. O grande problema é o que lle acontece a calquera programa que traballa en liña: ao non existir un modo off line, se fallar a conexión a internet, falla Koha.

Uxío Pedreira.- Só vexo vantaxes. Os problemas, de existiren, son menores.

M^a José Expósito.- Facilita:

O aumento de nº de préstamo si é necesario para algún socio en particular.

Facilita o control de préstamos a entidades, etc..

As transferencias entre bibliotecas.

As baixas de libros por expurgo é máis doado ao permitirlle que o faga só o persoal de cada biblioteca (no programa anterior tiñase que facer desde a central)

Inconvenientes, en xeral é bastante "lioso" nalgunhas tarefas e sobre todo no control de publicacións periódicas.

Carmen Couceiro.- No eido da xestión bibliotecaria ás veces temos problemas co Z39.50, pero penso que non son determinantes. Tal vez sería de agradecer unha elaboración de estatísticas e informes máis áxil.

Lucía Fernández.- Inconvenientes: un dos que presenta é a existencia de varios camiños para chegar ao mesmo punto. Á hora de renovar ou devolver un exemplar desde a ficha do usuario o procedemento é diferente, aínda que moi parecido, a facelo desde a vista de préstamos ou de detalles. Non se pode dicir que isto supoña un problema pero, na miña opinión, é un pequeno

inconveniente que pode causar certa confusión.

Existen outros puntos a ter en conta como o feito de que, á hora de editar un fondo xa existente no catálogo, a localización do mesmo faise incómodo e laborioso. Ademais, sería necesario crear un procedemento de cancelación de transferencias e un sistema de avisos para evitar ter que revisar a diario se temos unha nova reserva, suxestión, comentario... dos usuarios. Vantaxes: gáñase en flexibilidade. O módulo de circulación permite cambiar a data de vencemento do préstamo ou prestar máis exemplares dos permitidos en casos especiais. No que se refire á catalogación temos a posibilidade de crear autoridades, eliminar fondos da propia biblioteca, etc.

Tamén dispoñemos de ferramentas moi útiles coma o calendario para definir os días de peche da biblioteca, a publicación de noticias para as interfaces de usuario e do bibliotecario, a definición de avisos de notificación de retraso dos préstamos, e todo tipo de informes e estatísticas sobre as nosas usuarias e usuarios e a circulación dos fondos.

Cristina Cousillas.- As vantaxes son moitas, tanto para a circulación de fondos como á hora de catalogar, xa que é un sistema moi visual e resulta doado traballar con el.

Inconvenientes: non recuperación de fondos existentes no catálogo o que en ocasións fai que se dupliquen rexistros ou que demos unha información errónea ao usuario.

Non me parece moi logrado o módulo de xestión de publicacións periódicas porque plantexa algún problema á hora de querer editar un rexistro que xa temos na nosa biblioteca, simplemente para facer algunha pequena modificación, e pide introducir de novo datos que xa existían, cousa que non pasa co módulo de catalogación do resto dos documentos da biblioteca ou á hora de modificar un rexistro de usuario, onde unicamente hai que cambiar o dato que non é correcto ou poñer o que faltaba.

Ana Regueira.- É moito máis rápido que o programa anterior, especialmente o módulo de circulación, aínda que se debería mellorar o módulo de catalogación e de buscas no catálogo. No primeiro engadiría unha axuda co lbermarc como tiña Millennium, pois axilizaba a solución de dúbidas. No ámbito das buscas, cambiaría a imaxe dos fondos, facendo que nun primeiro golpe de vista aparezan máis datos dos libros ou materiais como signatura, localización...

ARTIGO



Ana Regueira Rodríguez

BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO

Casa do Pobo. Rúa do
Golfiño, 38
15177 Lorbe-Oleiros
Tel. : 981618201
biblioteca.lorbe@oleiros.org



Blanca Fernandez
Marqués

BIBLIOTECA MARIA JOSE RUSO

Parque Nicolás Redondo
15178 Dorneda -
Oleiros
Tel. : 981626638
biblioteca.dorneda@oleiros.org



Ana Isabel Pais
Rodríguez

BIBLIOTECA ANXEL FOLE

Praza da Liberdade 1
15176 Nós - Oleiros
Tel. : 981624257
biblioteca.nos@oleiros.org

Blanca Fernández.- Ten todas as vantaxes da informática e das moitas aplicacións que se poden ter co Koha. Ao ser un programa que non se instala se non que está na rede, pódese acceder a el desde calquera lugar ou ordenador. Ten moitas ferramentas que non estamos a utilizar que poden ser moi útiles. Pódense abrir tantas ventás como se queira nunha mesma sesión, co que se pode ter unha para catalogar, outra para préstamos, outra para devolucións, etc. O que fai máis fluído pasar da atención ao público á catalogación etc.

Como inconvenientes destacaría que precisamente esa flexibilidade do Koha é o que fai que, até que non se leva un tempo traballando con el, non se aprecie todo o que se pode facer. Por poñer un exemplo: pódense buscar rexistros bibliográficos ben desde circulación ou ben desde catalogación, desta maneira non hai que cambiar de pantalla para facer unha busca, pero o problema é a forma da información que dá o Koha sobre esa mesma busca e totalmente diferente dependendo desde onde se busque. Así paradoxalmente é de acceso máis directo á información dun rex. bibliográfico desde circulación que desde catalogación onde a busca no catálogo se fai máis difícil. O módulo de Publicacións periódicas é o máis complicado do programa.

Que vantaxes e inconvenientes lle vedes para os usuarios

Mª Luz Corral.- Vantaxes véxolle moitas pero sería preciso que fose máis accesible a todas as persoas, cun entorno máis amigable.

Alberto Varela.- Vantaxes: mellor ferramenta de busca, comparable ás ferramentas de busca da web, en base a palabras soltas ou palabras chave, non necesariamente termos de uso bibliotecario. Posibilidade de xestión dos préstamos e renovacións vía internet. Mellor presentación dos resultados da busca. Posibilidade de participación dos usuarios: creación de etiquetas, comentarios, etc. Inconvenientes: Entorno gráfico e estético aínda por desenvolver. Información máis completa en torno a: novidades, recentes adquisicións. Sumarios dos materiais, páxinas dixitalizadas, etc. Urxe unha versión máis actualizada do software. Maior desenvolvemento das ferramentas de participación: etiquetado, comentarios, etc.

Fernando Meléndez.- O OPAC parece funcionar sen problemas. De presentación sinxela, ofrece as prestacións habituais dos catálogos actuais. Sempre perfectible, podería contar con máis “servizos” para os usuarios: vistas diferenciadas e contidos propios para os diferentes tramos de idade: cativos, xoves, adultos e lectores senior, máis interactiva, con actividades, novas literarias ou científicas, etc.

Mª José Expósito.- Para o usuario ten a ventaxa de que lle permite ver en cada momento os seus movementos, facer suxestións de compras, listas, reservas, etc...

Lucía Fernández.- para os usuarios todo son vantaxes. O usuario ten acceso a máis información e pode facer máis xestións dende o OPAC. Isto, por outra parte, tamén implica que a bibliotecaria teña novas tarefas que asumir coma atender as suxestións de compra, revisar as reservas pendentes ou moderar comentarios de usuarios.

En xeral o usuario está mellor informado polo que tamén é máis esixente. Neste sentido faise imprescindible apostar pola formación permanente do persoal bibliotecario co fin de que se adapte dunha forma natural aos cambios nas novas tecnoloxías.

Carmen Couceiro.- é suficientemente amigable para que non sexa necesaria especial destreza por parte do público.

Cristina Cousillas.- Penso que os usuarios están contentos, xa que os que acceden ao catálogo non teñen problema á hora de coñecer se hai un documento e en que biblioteca está disponible ou facer unha renovación dun préstamo ou unha reserva desde a casa.

Ana Regueira.- O manexo e moi sinxelo pero o aspecto do programa é pouco atractivo.

Blanca Fernández.- véxolle moitas vantaxes para os usuarios. Todo o que facemos está á vista no mesmo momento en que o estamos a facer. Se catalogamos un libro aparece inmediatamente no Opac, non hai que esperar a que alguén descargue os datos etc. Igual sucede cos préstamos. Os usuarios poden saber se o libro está disponible ou non en tempo real. Pode renovar os materiais que teña en préstamo na súa casa ou incluso facer reservas daqueles documentos que lle interesen. Non encontro inconvenientes que mereza a pena sinalar.

NOTICIAS E FORMACIÓN

Novos rumos: nova Xunta Directiva do Consello Federal de ANABAD

O pasado 27 de novembro reuniuse en Madrid o Consello Federal para tratar asuntos como os orzamentos do ano 2011, as reformas da páxina web, o cambio de sede, a formación mancomunada e a creación de grupos de traballo, entre outros.

A nova xunta directiva de ANABAD, antes do comezo da sesión expuso os seus obxectivos estratéxicos:

- Modernizar a páxina web e a folla informativa.
- Reformar a organización mediante accións que impliquen unha defensa dos asociados, e a contemplación doutro tipo de socios.
- Loitar por unha maior presenza institucional.
- Crear diversos grupos de traballo: estatutos e regulamentos, marketing, publicacións, IFLA, ICA, AENOR.

Plan de Formación ANABAD-Galicia 2011

Adianto dos cursos en preparación para o 2011. De momento non podemos confirmar datas pero, a principios de xaneiro, na Asemblea xeral, teremos o calendario dispoñible. Recordamos que calquera socio que estexa interesado en impartir un curso pode poñerse en contacto con nós.

Cursos presenciais:

- Web móbil para bibliotecas. Natalia Arroyo Vázquez.
- Internet invisible. Isidro Aguillo.
- Introducción aos esquemas de metadatos. Javier Barbadillo.
- NOGADA: a súa aplicación.

Cursos en liña:

- Catalogación: introdución á catalogación e Catalogación en formato MARC. MAIS Interterras.
- Edición electrónica. Ricardo Eito Brun.
- Inicación á xestión de arquivos. Dolores Pereira Oliveira e Olimpia López Rodríguez.
- Preservación dixital: conceptos, políticas e técnicas. Alice Keefer.

OBXECTIVOS

En ANABAD-Galicia temos por obxectivo fundamental promover o desenvolvemento profesional dos nosos socios e dos servizos que temos encomendados.

Carecemos de finalidade lucrativa e dedicamos os beneficios eventualmente acadados ao desenvolvemento das nosas actividades.

Ocupámonos de administrar o patrimonio e representar os nosos socios nas actuacións conxuntas en defensa do patrimonio histórico de Galicia.

Os nosos obxectivos son:

- Defender os intereses profesionais dos asociados
- Contribuír á súa formación profesional
- Propiciar unha maior conciencia da realidade profesional dentro da comunidade á que atenden
- Favorecer a mellora dos servizos encomendados aos asociados

ONDE ENCONTRARNOS

Web: www.anabadgalicia.net

Blog: <http://agabad.blogspot.com>

Lista de distribución: <http://groups.google.es/group/anabad-galicia>

E-mail: anabadgalicia@mundo-r.com

Tel.: 661 709 823 (Alba)

Horario atención:

L, Ma, X, V: de 10 a 14h. / Me: de 17 a 20h.

ASÓCIATE

[Ficha de inscrición](#)

Enderezo:

Apdo. 193

15080 A Coruña



ANABAD-GALICIA

FORMA PARTE DAS FEDERACIÓNS

